



**GUÍA DE INTERVENCIÓN PARA A MELLORA,
ELABORADA A PARTIR DA ANÁLISE DOS
RESULTADOS DA AVALIACIÓN
INDIVIDUALIZADA DE TERCEIRO
DE EDUCACIÓN PRIMARIA CURSO 2016/2017**

C.E.P. Campolongo

Guión:

Análise dos resultados	5
Competencia en comunicación lingüística	5
Competencia matemática	14
Competencias básicas en ciencias e tecnoloxías	17
Diagnóstico da situación	19
Propostas de acción e mellora	33
Dos equipos docentes	33
Propostas de mellora en relación a práctica docente	42
Outras propostas	44

1. ANÁLISE DE RESULTADOS:

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Descrición dos niveis:

O alumnado que alcanzou un determinado nivel de competencia é capaz de realizar as tarefas e as actividades que se indican nese nivel e nos inferiores, e ten dificultades para realizar as sinaladas nos niveis superiores.

Nivel	Intervalo	Descritor
6	Desde 650	- Redacta textos descritivos ben cohesionados, cun vocabulario variado, signos de puntuación correctamente utilizados e conectores adecuados. - Nas narracións emprega correctamente os signos de puntuación, enlaza as oracións cos conectores adecuados e utiliza recursos lingüísticos para evitar as repeticións. - Distingue entre afirmacións verdadeiras e falsas relacionadas con información de textos descontinuos de carácter expositivo.
5	[575,650)	- Organiza a información proporcionada en textos instrutivos orais. - Deduce a tipoloxía dun texto atendendo á súa estrutura. - Elabora textos descritivos con sentido global e ben estruturados. - Respecta a finalidade da tarefa e constrúe textos descritivos adecuados á intención comunicativa e ao destinatario. - Relaciona distintos aspectos da información escoitada e extrae conclusións. - Respecta a finalidade da tarefa e segue as normas para elaborar textos narrativos adecuados á intención comunicativa e ao destinatario. - Identifica a fonte de textos expositivos.
4	[500,575)	- Identifica información explícita en poemas e distingue entre afirmacións verdadeiras e falsas. - Deduce a tipoloxía dun texto dado. - Localiza e interpreta información explícita en textos expositivos. - Chega a conclusións que lle permiten responder preguntas a partir de información non explícita contida en textos poéticos. - Deduce información de textos expositivos e extrae conclusións. - Integra información contida en textos expositivos para responder preguntas. - Localiza información non explícita contida en textos expositivos. - Escribe textos narrativos adecuados á súa idade, ben estruturados, con sentido global e progresión temática. - Deduce o significado de frases feitas de textos narrativos orais. - Presenta as súas descricións de forma limpa e coidada cunha letra clara e marxes. - Deduce o significado de frases feitas en textos narrativos.
3	[425,500)	- Presenta as súas narracións de forma limpa e coidada cunha letra clara e marxes. - Asocia termos cos seus sinónimos. - Realiza inferencias básicas tras a audición de textos poéticos. - Combina información achegada en textos expositivos cos seus coñecementos para responder correctamente. - Interpreta información non explícita de textos poéticos. - Responde preguntas sobre información explícita de textos narrativos orais. - Busca información subministrada explicitamente en textos expositivos. - Compila a información obtida tras a escoita de textos narrativos e relaciónaa para responder preguntas. - Compila información e extrae conclusións a partir de textos narrativos orais. - Lembra información explícita, pero dispersa, de textos narrativos orais. - Lembra información explícita de textos narrativos orais.
2	[350,425)	- Distingue entre informacións verdadeiras e falsas relacionadas con información de textos expositivos. - Deduce o significado de palabras polo contexto. - Lembra información explícita subministrada en textos instrutivos orais. - Recorda información explícita tras a escoita de textos poéticos. - Localiza información explícita en textos expositivos. - Responde preguntas sobre datos explícitos de textos narrativos. - Identifica o protagonista da historia en textos narrativos orais.
1	Ata 350	- Busca e localiza información de textos expositivos e extrae conclusións. - Infíre o significado de expresións que aparecen en textos expositivos. - Busca información en textos expositivos relacionada con nomes colectivos.

RESULTADOS:

O ISECC do centro é 553 e pertence o grupo medio alto.


O índice socioeconómico e cultural (ISEC) utilízase como elemento definitorio do contexto dos centros, co fin de realizar unha apreciación contextualizada dos seus resultados. Segundo os resultados deste índice, os centros agrúpanse nos seguintes grupos ISEC: baixo, medio baixo, medio, medio alto e alto.

Participación na proba xeral

Nº alumnos/as	Nº presentados/as
73	42


Resultados por competencia

Nivel de competencia e puntuación transformada



En canto ao nivel de competencia e puntuación transformada podemos observar na gráfica que o centro queda 24 puntos por debaixo do seu grupo ISEC, sendo o grupo B o que queda máis lonxe da media (40 puntos).

Porcentaxe de alumnado que acada cada nivel de competencia



En relación coa media da nosa Comunidade Autónoma creemos que o centro atópase a bo nivel aínda que debemos mellorar a formación dos alumnos que se atopan no nivel 3 (porcentaxe do 50%).


Comparando os resultados cos do curso anterior observamos unha mellora o alcanzar máis alumnos o nivel 4 desaparecer os alumnos que estaban no nivel 1 e reducirse de xeito significativo os que están no nivel 2, do 20% (media entre lingua castelá e lingua galega) ao 5%.

Resultados por destrezas

As destrezas avaliadas, cos seus pesos respectivos, son:

- Comprensión oral (27%)
- Comprensión escrita (46%)
- Expresión escrita (27%)

Puntuación transformada



A puntuación máis baixa rexístrase na comprensión escrita quedando 26 puntos por debaixo da media ISEC na puntuación transformada, a expresión escrita está 20 puntos por debaixo e a comprensión oral está 9 puntos por debaixo da media do nos grupo de referencia.

O análise dos resultados indícanos que aínda que en relación coa media da nosa Comunidade estamos ben situados debemos mellorar en relación co noso grupo de referencia.

COMPETENCIA MATEMÁTICA

Descrición dos niveis

O alumnado que alcanzou un determinado nivel de competencia é capaz de realizar as tarefas e as actividades que se indican nese nivel e nos inferiores, e ten dificultades para realizar as sinaladas nos niveis superiores.

Nivel	Intervalo	Descritor
6	Desde 650	- Resolve problemas de medidas temporais da vida real que implican a interpretación de información non explícita. - Interpreta datos de gráficas e compáraos. - Constrúe series de números ascendentes.
5	[575,650)	- Resolve problemas que implican dominio de contidos e razoamento sobre o proceso de resolución, a través de operacións encadeadas. - Coñece e identifica elementos da circunferencia. - Aproxima números ao millar. - Extrae información explícita de táboas e utilízaa para obter conclusións. - Resolve problemas coa operación da división e responde correctamente a situacións no contexto de compras con descontos. - Resolve problemas mediante o algoritmo da resta con levadas.
4	[500,575)	- Descompón, compón e redondea números naturais, e interpreta o valor de posición de cada unha das súas cifras. - Resolve problemas da vida real nos que se empregan as unidades de masa máis usuais. - Realiza operacións con unidades da mesma magnitude. - Resolve problemas sinxelos da vida cotiá relacionados coas medidas de capacidade. - Calcula o perímetro de rectángulos. - Calcula o perímetro de figuras nun plano a partir de medidas coñecidas. - Distingue entre ángulos agudos, rectos e obtusos. - Resolve problemas de medida de masa e capacidade, por medio de estratexias heurísticas e de razoamento. - Realiza cálculos coa operación de división dunha cifra.
3	[425,500)	- Realiza cálculos coa operación da multiplicación na resolución de problemas. - Utiliza as moedas e os billetes do sistema monetario para dar solución a problemas en situacións reais. - Suma medidas de lonxitude tomadas de esbozos de itinerarios. - Resolve problemas de medida de capacidade mediante estratexias heurísticas ou de razoamento. - Resolve problemas de medida de lonxitude mediante o uso da multiplicación. - Resolve problemas en situacións da vida cotiá (compras, descontos etc.). - Identifica e resolve situacións da vida cotiá con operacións sinxelas. - Realiza cálculos coa operación da multiplicación na resolución de problemas. - Analiza e comprende o enunciado de problemas nos que se relacionan datos obtidos de táboas.
2	[350,425)	- Compara e ordena de menor a maior números ata o 10.000. - Le e coñece as unidades de medida dos reloxos e as súas relacións para resolver problemas da vida cotiá. - Relaciona elementos básicos das formas e dos corpos xeométricos con obxectos da vida cotiá. - Recoñece prismas, cilindros e formas xeométricas. - Le e interpreta gráficas de situacións da vida cotiá. - Interpreta gráficas a partir de información explícita.
1	Ata 350	- Representa en gráficas datos obtidos de táboas. - Coñece e identifica os polígonos regulares e distingue os seus elementos básicos. - Constrúe táboas a partir de datos de gráficas.

RESULTADOS:

O ISECC do centro é 553 e pertence o grupo medio alto.


O índice socioeconómico e cultural (ISEC) utilízase como elemento definitorio do contexto dos centros, co fin de realizar unha apreciación contextualizada dos seus resultados. Segundo os resultados deste índice, os centros agrúpanse nos seguintes grupos ISEC: baixo, medio baixo, medio, medio alto e alto.

Participación na proba xeral

Nº alumnos/as	Nº presentados/as
73	42


Resultados por competencia

Nivel de competencia e puntuación transformada



En canto ao nivel de competencia e puntuación transformada podemos observar na gráfica que o centro queda 5 puntos por debaixo do seu grupo ISEC, sendo o grupo C o que queda máis lonxe da media (36 puntos) o grupo B ten unha pequena diferenza non significativa (2 puntos) e destaca o grupo A que está 23 puntos por encima da media.

Porcentaxe de alumnado que acada cada nivel de competencia



En relación coa media da nosa Comunidade Autónoma creemos que o centro atópase a bo nivel aínda que debemos mellorar a formación dos alumnos que se atopan no nivel 2 (porcentaxe do 12%).


Comparando os resultados cos do curso anterior observamos unha mellora o alcanzar máis alumnos o nivel 4 e 5 desaparecer os alumnos que estaban no nivel 1 e reducirse de xeito significativo os que están no nivel 2, do 24% ao 12%.

Resultados por destrezas

As destrezas avaliadas, cos seus pesos respectivos, son:

- Cálculo (35%)
- Resol. de problemas (65%)

Puntuación transformada



A puntuación máis baixa rexístrase na resolución de problemas quedando 11 puntos por debaixo da media ISEC na puntuación transformada, en relación co cálculo o noso centro está 1 punto por encima da media.

O análise dos resultados indícanos que temos bos resultados pero debemos mellorar na resolución de problemas.

2.- DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN: Puntos fortes e puntos débiles.

Dificultades detectadas:

2.1.- Competencia en comunicación lingüística:

O 100% dos alumnos presentan dificultades para:

- Redactar textos descritivos ben cohesionados, cun vocabulario variado, signos de puntuación
- correctamente utilizados e conectores adecuados.
- Empregar nas narracións correctamente os signos de puntuación, enlaza as oracións cos conectores adecuados é utiliza recursos lingüísticos para evitar as repeticións.
- Distinguir entre afirmacións verdadeiras e falsas relacionadas con información de textos descontinuos de carácter expositivo.

O 95% dos alumnos presentan dificultades para:

- Redactar textos descritivos ben cohesionados, cun vocabulario variado, signos de puntuación
- correctamente utilizados e conectores adecuados.
- Empregar nas narracións correctamente os signos de puntuación, enlaza as oracións cos conectores adecuados é utiliza recursos lingüísticos para evitar as repeticións.
- Distinguir entre afirmacións verdadeiras e falsas relacionadas con información de textos descontinuos de carácter expositivo.
- Organizar a información proporcionada en textos instrutivos orais.
- Deducir a tipoloxía dun texto atendendo á súa estrutura.
- Elaborar textos descritivos con sentido global e ben estruturados.
- Respetar a finalidade da tarefa e constrúe textos descritivos adecuados á intención comunicativa e ao destinatario.
- Relacionar distintos aspectos da información escoitada e extrae conclusións.
- Respetar a finalidade da tarefa e segue as normas para elaborar textos narrativos adecuados á intención comunicativa e ao destinatario.
- Identificar a fonte de textos expositivos.

O 57% dos alumnos presentan dificultades para:

- Redactar textos descriptivos ben cohesionados, cun vocabulario variado, signos de puntuación
- correctamente utilizados e conectores adecuados.
- Empregar nas narracións correctamente os signos de puntuación, enlaza as oracións cos conectores adecuados e utiliza recursos lingüísticos para evitar as repeticións.
- Distinguir entre afirmacións verdadeiras e falsas relacionadas con información de textos descontinuos de carácter expositivo.
- Organizar a información proporcionada en textos instrutivos orais.
- Deducir a tipoloxía dun texto atendendo á súa estrutura.
- Elaborar textos descriptivos con sentido global e ben estruturados.
- Respetar a finalidade da tarefa e constrúe textos descriptivos adecuados á intención comunicativa e ao destinatario.
- Relacionar distintos aspectos da información escoitada e extrae conclusións.
- Respetar a finalidade da tarefa e segue as normas para elaborar textos narrativos adecuados á intención comunicativa e ao destinatario.
- Identificar a fonte de textos expositivos.
- Identificar información explícita en poemas e distingue entre afirmacións verdadeiras e falsas.
- Deducir a tipoloxía dun texto dado.
- Localizar e interpreta información explícita en textos expositivos.
- Chegar a conclusións que lle permiten responder preguntas a partir de información non explícita contida en textos poéticos.
- Deducir a información de textos expositivos e extraer conclusións.
- Integrar a información contida en textos expositivos para responder preguntas.
- Localizar información non explícita contida en textos expositivos.
- Escribir textos narrativos adecuados á súa idade, ben estruturados, con sentido global e progresión temática.
- Deducir o significado de frases feitas de textos narrativos orais.
- Presentar as súas descricións de forma limpa e coidada cunha letra clara e marxes.
- Deducir o significado de frases feitas en textos narrativos.

O 7% dos alumnos presentan dificultades para:

- Redactar textos descritivos ben cohesionados, cun vocabulario variado, signos de puntuación
- correctamente utilizados e conectores adecuados.
- Empregar nas narracións correctamente os signos de puntuación, enlaza as oracións cos conectores adecuados e utiliza recursos lingüísticos para evitar as repeticións.
- Distinguir entre afirmacións verdadeiras e falsas relacionadas con información de textos descontinuos de carácter expositivo.
- Organizar a información proporcionada en textos instrutivos orais.
- Deducir a tipoloxía dun texto atendendo á súa estrutura.
- Elaborar textos descritivos con sentido global e ben estruturados.
- Respetar a finalidade da tarefa e constrúe textos descritivos adecuados á intención comunicativa e ao destinatario.
- Relacionar distintos aspectos da información escoitada e extrae conclusións.
- Respetar a finalidade da tarefa e segue as normas para elaborar textos narrativos adecuados á intención comunicativa e ao destinatario.
- Identificar a fonte de textos expositivos.
- Identificar información explícita en poemas e distingue entre afirmacións verdadeiras e falsas.
- Deducir a tipoloxía dun texto dado.
- Localizar e interpreta información explícita en textos expositivos.
- Chegar a conclusións que lle permiten responder preguntas a partir de información non explícita contida en textos poéticos.
- Deducir a información de textos expositivos e extraer conclusións.
- Integrar a información contida en textos expositivos para responder preguntas.
- Localizar información non explícita contida en textos expositivos.
- Escribir textos narrativos adecuados á súa idade, ben estruturados, con sentido global e progresión temática.
- Deducir o significado de frases feitas de textos narrativos orais.
- Presentar as súas descripcións de forma limpa e coidada cunha letra clara e marxés.
- Deducir o significado de frases feitas en textos narrativos.
- Presentar as súas narracións de forma limpa e coidada cunha letra clara e marxés.
- Asociar termos cos seus sinónimos.

- Realizar inferencias básicas tras a audición de textos poéticos.
- Combinar información achegada en textos expositivos cos seus coñecementos para responder correctamente.
- Interpretar información non explícita de textos poéticos.
- Responder preguntas sobre información explícita de textos narrativos orais.
- Buscar información subministrada explicitamente en textos expositivos.
- Compilar a información obtida tras a escoita de textos narrativos e relaciónaa para responder preguntas.
- Compilar información e extrae conclusións a partir de textos narrativos orais.
- Lembrar información explícita, pero dispersa, de textos narrativos orais.
- Lembrar información explícita de textos narrativos orais.

O 2% dos alumnos presentan dificultades para:

Todos os descritores:

- Redactar textos descritivos ben cohesionados, cun vocabulario variado, signos de puntuación correctamente utilizados e conectores adecuados.
- Empregar nas narracións correctamente os signos de puntuación, enlaza as oracións cos conectores adecuados e utiliza recursos lingüísticos para evitar as repeticións.
- Distinguir entre afirmacións verdadeiras e falsas relacionadas con información de textos discontinuos de carácter expositivo.
- Organizar a información proporcionada en textos instrutivos orais.
- Deducir a tipoloxía dun texto atendendo á súa estrutura.
- Elaborar textos descritivos con sentido global e ben estruturados.
- Respetar a finalidade da tarefa e constrúe textos descritivos adecuados á intención comunicativa e ao destinatario.
- Relacionar distintos aspectos da información escoitada e extrae conclusións.
- Respetar a finalidade da tarefa e segue as normas para elaborar textos narrativos adecuados á intención comunicativa e ao destinatario.
- Identificar a fonte de textos expositivos.
- Identificar información explícita en poemas e distingue entre afirmacións verdadeiras e falsas.
- Deducir a tipoloxía dun texto dado.
- Localizar e interpreta información explícita en textos expositivos.

- Chegar a conclusións que lle permiten responder preguntas a partir de información non explícita contida en textos poéticos.
- Deducir a información de textos expositivos e extraer conclusións.
- Integrar a información contida en textos expositivos para responder preguntas.
- Localizar información non explícita contida en textos expositivos.
- Escribir textos narrativos adecuados á súa idade, ben estruturados, con sentido global e progresión temática.
- Deducir o significado de frases feitas de textos narrativos orais.
- Presentar as súas descrições de forma limpa e coidada cunha letra clara e marxes.
- Deducir o significado de frases feitas en textos narrativos.
- Presentar as súas narracións de forma limpa e coidada cunha letra clara e marxes.
- Asociar termos cos seus sinónimos.
- Realizar inferencias básicas tras a audición de textos poéticos.
- Combinar información achegada en textos expositivos cos seus coñecementos para responder
- correctamente.
- Interpretar información non explícita de textos poéticos.
- Responder preguntas sobre información explícita de textos narrativos orais.
- Buscar información subministrada explicitamente en textos expositivos.
- Compilar a información obtida tras a escoita de textos narrativos e relaciónaa para responder
- preguntas.
- Compilar información e extrae conclusións a partir de textos narrativos orais.
- Lembrar información explícita, pero dispersa, de textos narrativos orais.
- Lembrar información explícita de textos narrativos orais.
- Distingue entre informacións verdadeiras e falsas relacionadas con información de textos expositivos.
- Deduce o significado de palabras polo contexto.
- Lembra información explícita subministrada en textos instrutivos orais.
- Recordar información explícita tras a escoita de textos poéticos.
- Localiza información explícita en textos expositivos.
- Responde preguntas sobre datos explícitos de textos narrativos.
- Identifica o protagonista da historia en textos narrativos orais.
- Busca e localiza información de textos expositivos e extrae conclusións.

- Infíre o significado de expresións que aparecen en textos expositivos.
- Busca información en textos expositivos relacionada con nomes colectivos.

2.2 Competencia en matemáticas:

O 100% dos alumnos presentan dificultades para:

- Resolver problemas de medidas temporais da vida real que implican a interpretación de información non explícita.
- Interpreta dato de gráficas e compáraos.
- Construír series de números ascendentes.

O 80% dos alumnos presentan dificultades para:

- Resolver problemas de medidas temporais da vida real que implican a interpretación de información non explícita.
- Interpreta dato de gráficas e compáraos.
- Construír series de números ascendentes.
- Resolver problemas que implican dominio de contidos e razoamento sobre o proceso de resolución, a través de operacións encadeadas.
- Coñecer e identificar elementos da circunferencia.
- Aproximar números ao millar.
- Extraer información explícita de táboas e utilízaa para obter conclusións.
- Resolver problemas coa operación da división e responde correctamente a situacións no contexto de compras con descontos.
- Resolver problemas mediante o algoritmo da resta con levadas.

O 46% dos alumnos presentan dificultades para:

- Resolver problemas de medidas temporais da vida real que implican a interpretación de información non explícita.
- Interpreta dato de gráficas e compáraos.
- Construír series de números ascendentes.
- Resolver problemas que implican dominio de contidos e razoamento sobre o proceso de resolución, a través de operacións encadeadas.
- Coñecer e identificar elementos da circunferencia.

- Aproximar números ao millar.
- Extraer información explícita de táboas e utilizaa para obter conclusións.
- Resolver problemas coa operación da división e responde correctamente a situacións no contexto de compras con descontos.
- Resolver problemas mediante o algoritmo da resta con levadas.
- Descompoñer, compoñer e redondear números naturais, e interpreta o valor de posición de cada unha das súas cifras.
- Resolver problemas da vida real nos que se empregan as unidades de masa máis usuais.
- Realizar operacións con unidades da mesma magnitude.
- Resolver problemas sinxelos da vida cotiá relacionados coas medidas de capacidade.
- Calcular o perímetro de rectángulos.
- Calcular o perímetro de figuras nun plano a partir de medidas coñecidas.
- Distinguir entre ángulos agudos, rectos e obtusos.
- Resolver problemas de medida de masa e capacidade, por medio de estratexias heurísticas e de razoamento.
- Realizar cálculos coa operación de división dunha cifra.

O 12% dos alumnos presentan dificultades para:

- Resolver problemas de medidas temporais da vida real que implican a interpretación de información non explícita.
- Interpreta dato de gráficas e compáraos.
- Construír series de números ascendentes.
- Resolver problemas que implican dominio de contidos e razoamento sobre o proceso de resolución, a través de operacións encadeadas.
- Coñecer e identificar elementos da circunferencia.
- Aproximar números ao millar.
- Extraer información explícita de táboas e utilizaa para obter conclusións.
- Resolver problemas coa operación da división e responde correctamente a situacións no contexto de compras con descontos.
- Resolver problemas mediante o algoritmo da resta con levadas.
- Descompoñer, compoñer e redondear números naturais, e interpreta o valor de posición de cada unha das súas cifras.

- Resolver problemas da vida real nos que se empregan as unidades de masa máis usuais.
- Realizar operacións con unidades da mesma magnitude.
- Resolver problemas sinxelos da vida cotiá relacionados coas medidas de capacidade.
- Calcular o perímetro de rectángulos.
- Calcular o perímetro de figuras nun plano a partir de medidas coñecidas.
- Distinguir entre ángulos agudos, rectos e obtusos.
- Resolver problemas de medida de masa e capacidade, por medio de estratexias heurísticas e de razoamento.
- Realizar cálculos coa operación de división dunha cifra.
- Realizar cálculos coa operación da multiplicación na resolución de problemas.
- Utilizar as moedas e os billetes do sistema monetario para dar solución a problemas en situacións reais.
- Sumar medidas de lonxitude tomadas de esbozos de itinerarios.
- Resolver problemas de medida de capacidade mediante estratexias heurísticas ou de razoamento.
- Resolver problemas de medida de lonxitude mediante o uso da multiplicación.
- Resolver problemas en situacións da vida cotiá (compras, descontos etc.).
- Identificar e resolver situacións da vida cotiá con operacións sinxelas.
- Realizar cálculos coa operación da multiplicación na resolución de problemas.
- Analizar e comprender o enunciado de problemas nos que se relacionan datos obtidos de táboas.

3.- PROPOSTAS DE ACCIÓNS DE MELLORA.

3.1. CONSIDERACIÓNS IMPORTANTES:

É moi importante apuntar que a participación nas probas foi do 57,53% do alumnado.

3.2. DOS EQUIPOS DOCENTES:

PROPOSTAS DO EQUIPO DOCENTE DE 1º E 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA:

Competencia lingüística:

- Espertar e animar ao noso alumnado a ler: dende a lectura (elixindo as súas lecturas por exemplo), dende a escritura (elaborando receitas, contos, adiviñas ...), dende a oralidade (recitado de poesías, ...) e dende outras formas de expresión (ilustracións, fotografías ...).
- Interiorizar estruturas sintácticas e gramaticais a través da literatura tradicional galega.
- Axudar aos nenos a producir os seus propios textos: descritivos, narrativos, expositivos ... utilizando de xeito claro e preciso o vocabulario.
- Traballar a construción de frases (das mais sinxelas a outras mais complexas) tanto a nivel oral coma escrito como base para a elaboración de textos con coherencia.
- Inicialos na utilización dos signos de puntuación e de conectores básicos nas frases.
- Propoñer xogos de vocabulario eficaces no progreso da linguaxe escrita, afondando na lingua galega.

Competencia matemática:

- Traballar a comprensión e a expresión oral dos problemas, a representación gráfica dos enunciados e propoñer hipóteses.
- Propoñer actividades preferiblemente contextualizadas na realidade e que permitan a manipulación como paso previo para acadar o razoamento lóxico – matemático.

PROPOSTAS DO EQUIPO DOCENTE DE 3º E 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA:

Competencia en Comunicación Lingüística:

- Traballar a lectura e contidos que desenvolvan a expresión escrita en todo tipo de textos e xeren gusto pola escritura mellorando a capacidade de expresión.
- Favorecer e mellorar a expresión oral dos alumnos.

Actividades que se poden levar a cabo:

- Elaborar textos de distintas tipoloxías ben cohexionados , cun vocabulario axeitado e variado, con signos de puntuación correctamente utilizados e con conectores adecuados.
- Poñer en marcha obradoiros de escrita para mellorar a escritura creativa , a coherencia textual e a ortografía a partir de obras literarias.
- Lecturas de diferentes tipos de textos para deducir as súas características (narrativos, expositivos, descritivos...)
- Realizar conversas a partir de lecturas de diferente tipoloxía para fomentar o hábito de lectura, traballar as ideas principais e mellorar a oralidade.
- Realizar actividades de investigación para contestar preguntas e desenvolver actividades relacionadas coa busca, obtención, procesamento e comunicación (oral ou escrita).
- Participar en actividades que fomenten a expresión escrita (concursos de contos, poesía...)
- Ler de xeito comprensivo e expresivo, textos en voz alta con boa pronunciación, ritmo e entoación.
- Audicións para favorecer e mellorar a comprensión e a expresión oral.

En relación coa **Competencia Matemática:**

- Realizar actividades de seriación de números naturais.
- Actividades de identificación de operacións básicas de cálculo.
- Interpretar o enunciado dun problema.
- Formular problemas a partir de situacións cotiáns.
- Interpretar gráficos e comparalos.
- Exercitar o cálculo mental.

PROPOSTAS DO EQUIPO DOCENTE DE 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA:

En relación a competencia en comunicación lingüística:

Algunhas actividades que se poden levar a cabo:

- Utilizar estratexias para escribir distintos tipo de textos facendo inferencias sobre os textos partindo dos seus coñecementos e experiencias previas. (listado de elementos cotiás, listas de compra, receitas...).
- Participar en actividades que fomenten a expresión escrita (concursos de contos, redaccións, poemas, ...)
- Ler, de xeito compresivo e expresivo, textos diferentes (especialmente vinculados ao seu contorno).
- Ler, en voz alta, textos de maneira fluída e expresiva, coa pronunciación, entoación e ritmo adecuados. Recitais lúdicos - orais (poesías).

En relación a competencia matemática:

Algunhas actividades poden ser:

- Actividades de identificación das operacións básicas de cálculo segundo unha realidade o máis próxima o alumno (compra no mercado, resultados deportivos ...)
- Actividades de produto cartesiano como gráficas...
- Actividades de etiquetaxe de obxectos cotiáns e numeración en base a conxuntos de ordenación.
- Interpretar o enunciado dun problema, aclarando o significado dos termos e expresalo en linguaxe coloquial.
- Formular problemas a partir de situacións cotiáns.
- Resolver problemas de unha ou dúas operacións de cálculo en contextos cotiáns.
- Resolver situacións próximas de compras e gastos.
- Recoñecer a utilidade das operacións e identificalas para a resolución de problemas.
- Recoñecemento do diñeiro e resolver problemas que impliquen o manexo do mesmo, en situacións da vida cotián.

En relación coa Organización e funcionamento do centro, Tutoría, Convivencia, e á familia e a contorna :

Estamos de acordo coas propostas xerais que aparecen neste documento.

PROPOSTAS DO EQUIPO DE ORIENTACIÓN:

A análise dos resultados da avaliación individualizada de terceiro do curso 2016/2017 esixen por parte deste departamento establecer melloras:

Con relación ao propio departamento de orientación:

- Maior formación en competencias clave
- Maior periodicidade nas reunións entre o departamento de orientación e os titores
- Informar máis detalladamente ao claustro do contido do Plan de Anual de Actividades do Departamento de Orientación (PAADO)
- Dotar ao departamento de Orientación de recursos materiais máis especializados para avaliación diagnóstica e a atención ás diferentes necesidades educativas especiais.
- Maior colaboración co profesorado na elaboración dos distintos documentos organizativos do centro, especialmente no asesoramento á atención á diversidade contemplada nos mesmos.
- Mellorar o rexistro de seguimento das incidencias e do cumprimento das medidas correctoras.

Con relación ao proceso de ensinanza-aprendizaxe:

O centro e profesorado:

- Mellorar a difusión e seguimento das propostas psicopedagógicas realizadas sobre aulas e alumnos concretos.
- Asesoramento aos mestres respecto á conveniencia- inconveniencia, vantaxes–desvantaxes da promoción, flexibilización, ACI e outros aspectos relativos a propostas de atención ao alumnado con dificultades.
- Establecer reunións previas cos titores antes das xuntas de avaliación para analizar a marcha do grupo e dos alumnos particulares que o precisen.
- Fortalecer o asesoramento ao profesorado sobre a aplicación de medidas ordinarias e reforzos educativos dentro da súa labor tutorial.
- Colaborar na organización e desenvolvemento dos programas de recuperación e reforzo.
- Revisar a adecuación das programacións, adaptacións, avaliacións, e desenvolvemento de programas de recuperación e reforzo dos alumnos con necesidades educativas, dificultades de aprendizaxe e materias suspensas.

O alumnado e as familias:

- Avaliación das técnicas e hábitos de estudo dos nosos alumnos de terceiro ciclo.
- Recomendacións de traballo para os períodos de vacacións en base aos resultados desta avaliación.
- Mellor detección de barreiras e bloqueos individuais para a mellora das aprendizaxes e relacións.
- Seguir colaborando coas entidades externas que atenden aos nosos alumnos.

PROPOSTAS DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA:

O equipo de EDLG do CEP Campolongo propón un traballo a través de dous eixes, un deles vertical dirixido aos distintos niveis educativos, desde 1º de EP a 6º, e o outro, horizontal, a través da coordinación con outros equipos docentes.

No primeiro destacamos a necesidade de facer un plan de aplicación secuenciado da oralidade da lingua, xa que é o aspecto máis débil na escola. No segundo, e relacionado co primeiro, é o de fomentar a colaboración transversal tanto con outras coordinacións como con outras instancias da comunidade educativa: como son o Equipo de Biblioteca, Actividades Complementarias, Extraescolares e TIC a nivel interno e coa Comunidade Educativa en xeral a nivel externo.

Dentro dos moitos obxectivos que hai que mellorar:

- Aumento do vocabulario en Lingua Galega.
- Mellora nas correccións das construcións gramaticais empregadas
- Mellora da autoestima, destacamos tamén o gusto por empregar a Lingua Galega non só nas actividades regradas, senón tamén nos momentos de lecer, tanto no alumnado como no profesorado.

Estes obxectivos enmárcanse na liña establecida no **Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo**, no que se contempla a necesidade de reforzar a dimensión comunicativa do galego entre o alumnado, proporcionándolle unha oferta de actividades que promovan a utilidade do galego, ao tempo que os capacite para o seu uso correcto e eficaz.

Outros ámbitos de intervención que cómpre estimular no alumnado dos diferentes niveis educativos son tanto a **comprensión como a expresión oral e escrita en Lingua Galega**, asesorando ao profesorado sobre libros de temática variada que poden complementar as lecturas xa recollidas no propio libro, así como que tipo de actividades serían máis adecuadas. Neste tamén cómpre reforzar a expresión oral a través de adiviñas, refráns, trabalinguas, ou mesmo, poemas sinxelos.

No que se refire á coordinación co resto de equipos docentes:

Co Equipo de Biblioteca:

- Colaborar na selección de libros de lectura en galego adecuados por nivel educativo .
- Contribuír na organización dos libros de lectura en galego que forman parte da “Mochila Viaxeira” por nivele educativo.
- Organizar ou colaborar en actividades complementarias para conmemoracións anuais de centro, tales como o Magosto, maio, Día das Letras Galegas...

Co Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares:

- Impulsar o desenvolvemento de actividades feitas integramente en lingua galega tales como, Contacontos, Talleres de Reciclaxe, Charlas sobre o Medio Ambiente, ...

Co Departamento de Orientación:

- Colaborar no asesoramento ao profesorado sobre o material máis adecuado en lingua galega para traballar co alumnado de NEAE, non só a comprensión/expresión, senón tamén da lecto-escritura.

En canto ás actividades propiamente ditas do EDLG relacionadas coa mellora da competencia lingüística cabe destacar as que seguen:

- Continuar coa Campaña de Oralidade feita en outros cursos anteriores.
- Colaborar con organismos externos ao centro, como o servizo de normalización lingüística do Concello, na organización de roteiros pola cidade sobre persoeiros da nosa literatura galega que contribuíron á difusión e prestixio da nosa lingua.
- Organizar e deseñar as actividades entorno a figura homenaxeada cada curso nas Letras Galegas.

Rematamos comentando que sería imprescindible para o fomento da oralidade que se aplicara con efectividade o acordo que fai anos se tomou de utilizar o Galego como **Lingua de Referencia Oficial** nos órganos que nos competen dentro da Comunidade Educativa.

3.3. PROPOSTAS DE MELLORA EN RELACIÓN Á PRÁCTICA DOCENTE:

En relación a competencia en comunicación lingüística:

Traballar sobre todo os contidos que desenvolvan a expresión escrita con todo tipo de textos, e xeren o gusto pola escritura, que debe ser unha práctica constante que permita desenvolver capacidades de expresión.

A actividade docente terá un enfoque cognitivo e por conseguinte as implicacións do mesmo nas tarefas educativas, que van a requirir que os procesos cognitivos estarán baseados nun coñecemento socialmente mediado, participación activa do alumnado (intencional, organizativo, construtivo), significativo e complexo.

Concederemos papel importante a actividade do alumnado, dándolle ocasións de desenvolver estratexias de desenvolvemento escrito sen esquecermos da parte oral (expresión de ideas, argumentacións medidas a través de pasos estruturados levados a cabo polos profesores).

Algunhas actividades que se poden levar a cabo:

- Utilizar estratexias para escribir distintos tipo de textos facendo inferencias sobre os textos partindo dos seus coñecementos e experiencias previas. (listado de elementos cotiás, listas de compra, receitas...).
- Participar en actividades que fomenten a expresión escrita (concursos de contos, redaccións, poemas, ...)
- Ler, de xeito compresivo e expresivo, textos diferentes (especialmente vinculados ao seu contorno).
- Ler, en voz alta, textos de maneira fluída e expresiva, coa pronunciación, entoación e ritmo adecuados. Recitais lúdicos - orais (poesías).
- Iniciarse no traballo por proxectos.

En relación a competencia matemática:

Priorización de obxectivos e contidos que desenvolvan as distintas linguaxes matemáticas (numeros naturais e operacións básicas,...).

Priorizarase a necesidade de desenrolar actividades de carácter manipulativo para a adquisición e consolidación da noción do número en 1º e 2º e dende 3º propiciar actividades de diferente índole para

o manexo das operacións básicas , así coma de ser capaces de transferir esas aprendizaxes as actividades cotidiáns e máis reais do alumnado, para garantir un aprendizaxe máis significativo.

A actividade docente terá un enfoque cognitivo e propiciarase maiores experiencias significativas e metodoloxías máis participativas ao alumnado.

Algunhas actividades poden ser:

- Actividades de seriación, ordenación dos números naturais a través de elementos cotiáns.
- Actividades de identificación das operacións básicas de cálculo segundo unha realidade o máis próxima o alumno (compra no mercado, resultados deportivos ...)
- Actividades de produto cartesiano (pertence / non pertenece - correspondencias...) desde crebacabezas, gráficas...
- Utilización de material que permite su manipulación que facilite a adquisición e automatización de operacións básicas (miniarco, regretas, claves matemáticas, manexo de diñeiro...)
- Actividades de etiquetaxe de obxectos cotiáns e numeración en base a conxuntos de ordenación.
- Interpretar o enunciado dun problema, aclarando o significado dos termos e expresalo en linguaxe coloquial.
- Formular problemas a partir de situacións cotiáns.
- Resolver problemas de unha ou dúas operacións de cálculo en contextos cotiáns.
- Resolver situacións próximas de compras e gastos.
- Recoñecer a utilidade das operacións e identificalas para a resolución de problemas.
- Recoñecemento do diñeiro e resolver problemas que impliquen o manexo do mesmo, en situacións da vida cotián.
- Iniciarse no traballo por proxectos.

3.4. OUTRAS PROPOSTAS.

En relación á organización e funcionamento do centro.

- Deixar ben clara a contribución á adquisición das distintas competencias dende os contidos suscitados para cada área.
- Elaboración dos Perfís Competenciais e os instrumentos necesarios de avaliación.
- Revisar os estándares de aprendizaxe mínimos e modificalos en caso de considerarse necesario, deixando ben claro a súa contribución para á adquisición das competencias básicas.
- Organizar o traspase de información relevante do alumnado, sobre todo do que ten necesidades educativas especiais e con dificultades de aprendizaxe por parte dos profesores titores cara o resto do profesorado.

En relación á tutoría.

- A acción titorial proporcionará unha individualización e personalización dos procesos de ensinanza – aprendizaxe, respectando os ritmos, e estilos de aprendizaxe de cada alumno, para así dar unha resposta educativa axeitada as dificultades de aprendizaxe.
- División de contidos facendo fincapé nas aprendizaxes básicas instrumentais.
- División das actividades en pasos estruturados nas tarefas que requiran maior grao abstracción.
- Facer recollidas sistematizadas das informacións máis relevantes do alumando a través de informes titoriais, onde se teña en conta o desenvolvemento do alumnado durante o curso.
- Potenciar actividades que faciliten a interacción do alumando coa contorna facilitando un maior número de experiencias de aprendizaxe significativas (visitas a fábricas, granxas escolas, museos etnográficos, traballos por proxectos...) englobadas dentro da programación.

En relación á convivencia.

- Desenvolver actitudes de respecto e consideración con todos os membros da comunidade educativa, dando máis importancia aos contidos que desenrolen co alumnado valores e habilidades de comunicación e relación social.
- Deseñar actividades que fomenten actitude de participación democrática do alumnado.
- Realización de actividades co colexio Juan XXII, a asociación Amizade e a ONCE co fin de fomentar a inclusión e a convivencia.

En relación á familia e a contorna.

- Establecer unha relación fluída entre as familias e o centro.
- Implicar as familias nas actividades de apoio no proceso de ensinanza- aprendizaxe.
- Deseñar actividades que propicien a participación do alumnado no seu contorno socio- cultural.

Pontevedra 22 de maio de 2018

Asdo. José Manuel Sánchez Moure
Director CEP Campolongo